



Na súa reunión do 22 de xuño de 2016, a Comisión para a Elaboración do Plan de Racionalización de Estruturas Académicas (CEPREA) aprobou por unanimidade os acordos que se indican a seguir:

## 1. Sobre a racionalización da estrutura directiva dos centros

- O equipo directivo de todos os centros contará, como mínimo, con decanato ou dirección, secretaría académica e un vicedecanato ou unha subdirección.
- Este equipo mínimo poderá incrementar o seu número de integrantes de acordo cos seguintes criterios:
  - a) Alumnado<sup>1</sup>: de 401 a 800, un vicedecanato ou subdirección máis; entre 801 e 1200, dous; entre 1201 e 1600, tres ... e así sucesivamente.
  - b) Titulacións<sup>2</sup>: de 5 a 9 titulacións, un vicedecanato ou subdirección máis; de 13 a 17, dous ... e así sucesivamente.
- A aplicación destes criterios non poderá supor en ningún caso o incremento do número actual de membros dos equipos directivos dos centros nin tampouco que estes se reduzan en máis dun membro.

## 2. Sobre os departamentos

Co fin de racionalizar e normalizar a estrutura departamental da UDC, aprobáronse os seguintes requisitos e criterios para a constitución de departamentos:

- **Requisitos:**
  - a) Masa crítica: non se poderán constituír departamentos que contén con menos de 35 profesores/as permanentes e a tempo completo ou 30 profesores/as permanentes a tempo completo<sup>3</sup> sempre que, neste último caso o número de sexenios do PDI do departamento sexa de 50 ou máis.
  - b) Integridade das áreas: as áreas de coñecemento non poderán estar divididas entre diferentes departamentos.
  - c) Cada UADI ou UXAI contará, como mínimo, cun departamento.
- **Criterios:**
  - a) O departamento terá como sede o centro en que imparta maioritariamente a súa docencia.
  - b) Coherencia científica: para agrupar as áreas de coñecemento entre os diferentes departamentos tomaranse en conta as «áreas de acreditación» establecidas no RD 415/2015, sobre acreditación dos corpos docentes universitarios.

<sup>1</sup> Por «alumnado» enténdese todo o estudiantado matriculado no centro para o curso 2016-2017 de grao e posgrao, incluídos os posgraos de carácter interuniversitario.

<sup>2</sup> Por «titulacións» enténdese todos os títulos oficiais de grao e posgrao, incluídos os de carácter interuniversitario, que se impartan no centro.

<sup>3</sup> Para estes efectos considérase profesorado permanente o PDI funcionario, os contratados doutores e os colaboradores fixos. O profesorado a tempo parcial multiplica-se por 0,5.

De conformidade co procedemento aprobado por acordo do Consello de Goberno do 22 de xullo de 2015, ábrese un período de información pública para que a comunidade universitaria poida formular as alegacións que considere convenientes.

Estas alegacións enviaranse por correo electrónico á Secretaría Xeral ([secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal)) até as 00:00 horas do día 14 de xullo de 2016.

A Coruña, 23 de xuño de 2016

O secretario xeral